



*Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas de niveis non universitarios, prevé no seu artigo 3.2, que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e polo prazo que se determine na convocatoria. As devanditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e polo tempo que se estableza na correspondente convocatoria que, en ningún caso, poderá exceder en máis de seis anos.

A atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos centros de escolarización preferente contemplados na disposición adicional quinta do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, debe efectuarse con profesorado con destino definitivo. Sen prexuízo do anterior, a escolarización do alumnado de atención preferente en centros ordinarios que, por non ser de escolarización preferente, non van contar con recursos humanos permanentes, aconsella unha certa permanencia do mestre ou mestra co alumnado de ser posible durante unha etapa educativa, evitando un cambio de docente cada curso académico. Posto que estas necesidades educativas teñen un carácter temporal e non poden cubrirse con carácter definitivo, procede a súa provisión en réxime de comisión de servizos, sen prexuízo de que este profesorado atenda outras posibles necesidades existentes no centro.

Na súa virtude, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

ACORDA:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres, para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

#### Artigo 2. *Participantes e requisitos*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres que se atope en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2018/2019.





Entendese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia ao 31 de agosto de 2019 aquel persoal docente que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Tamén poderá participar o persoal funcionario de carreira que estea en situación de excedencia voluntaria concedida pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, e se se trata do suposto de excedencia voluntaria por interese particular recollida no artigo 173 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, só poderán participar se ao finalizar o curso escolar en que se realice esta convocatoria teña transcorrido un ano desde que pasaron a esta situación .

Así mesmo poderá participar o persoal funcionario de carreira desta consellería que estea en comisión de servizos fóra desta comunidade autónoma.

O persoal participante deberá posuír a especialidade e, de ser o caso, o requisito específico que se requira para cada praza, así como o título de perfeccionamento en lingua galega ou o certificado de lingua galega (Celga 4) ou certificación ou validación equivalente.

### Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

O persoal concursante que poderá solicitar ata un máximo de dez prazas, presentará unha única solicitude axustada ao modelo que figura como anexo II, coa que achegará cuberta a folia de autobaremación que figura como anexo IV, a documentación acreditativa de que posúen os requisitos esixidos para a praza/s solicitada/s e a documentación xustificativa dos méritos que alegue segundo o baremo que figura como anexo III.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos dos méritos alegados que xa figuren no seu expediente persoal no enderezo web <https://www.edu.xunta.es/datospersoais/>

No caso de que o persoal participante posúa méritos que non consten no seu expediente ou que sexan incorrectos, deberá xerar unha nova solicitude no enderezo web <https://www.edu.xunta.es/datospersoais/> que deberá presentar xunto coa solicitude de participación e unha copia dos méritos alegados.

O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.

### Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do día



seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes cubriranse empregando o modelo que figura como anexo II e poderán presentarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas.

#### Artigo 5. *Comisión de selección*

1. A selección do persoal aspirante será realizada por unha comisión, nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de tres vogais, elixidos/as entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de xefatura de servizo ou xefatura de sección da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou membros da inspección educativa, e un/unha vogal membro dos equipos de orientación específicos.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Ademais poderá asistir á comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

2. Para a valoración dos apartados 1, 2, 3, 4.3 e 4.4 do baremo establecido no anexo II a comisión de selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por persoal funcionario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e terán dereito a percibir asistencia e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio) estando cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6. *Resolución provisional e reclamacións*

Logo de realizada a valoración dos méritos, publicarase no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo, a relación de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

As persoas interesadas poderán formular renuncia e as reclamacións que consideren, no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación no portal de internet desta consellería . As reclamacións entenderanse resoltas mediante a publicación da resolución definitiva.

A renuncia á participación no concurso de méritos específico implica a renuncia a todas as peticións formuladas.

#### Artigo 7. *Resolución definitiva e recursos*

Será seleccionado o persoal participante que acade a maior puntuación para a praza que solicita segundo o baremo establecido no anexo III.

No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación acadada nos apartados 4.1, 4.2, 2.1, 2.2, 1, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 3.6, 4.3 e 4.4.

A resolución definitiva ditarase pola persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, logo da proposta da comisión de selección, e publicarase no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>.

Contra a resolución definitiva do concurso de méritos específico, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 8. *Toma de posesión*

As persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro



do ano 2019, e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga esixirá petición da persoa interesada e o informe favorable do equipo de orientación específico.

#### *Disposición adicional primeira*

Todos os requisitos de participación así como os méritos alegados deben reunirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

#### *Disposición adicional segunda*

No que atinxe aos servizos docentes prestados a fracción de ano computarase a razón de 0,0416 puntos por cada mes completo.

#### *Disposición adicional terceira*

1. No que respecta ás actividades de formación do apartado 4 do anexo III:

As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio de 2013 deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG n.º 96, do 22 de maio). Quedarán exceptuados deste requisito as actividades de formación específicas recollidas nos subapartados 4.1 e 4.2.

2. Para os efectos da baremación do apartado 4.1 e 4.3 do anexo III sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. Para os efectos da baremación do apartado 4.2 e 4.4 do anexo III sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto de número de horas inferior a 3.

#### *Disposición adicional cuarta*

Para optar a prazas que requiran o coñecemento de linguaxe de signos as persoas solicitantes deberán posuír o título de técnico superior en interpretación da lingua de signos establecido polo Real decreto 2060/1995, de 22 de decembro (BOE núm. 47, do 23 de febreiro) , ou o título de técnico superior en Mediación Comunicativa establecido polo Real decreto 831/2014, do 3 de outubro (BOE núm. 259, do 25 de outubro) ou o título de intérprete en Linguaxe de Signos



Española expedido pola confederación nacional ou pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Na adxudicación das prazas con este requisito terá prioridade o persoal participante que acredite o título de técnico superior.

Para optar a prazas que requiran o coñecemento de Braille as persoas solicitantes deberán acreditar a realización de cursos de Braille organizados pola Organización Nacional de Cegos de España (ONCE) ou por outros organismos oficiais.

*Disposición adicional quinta*

1. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.
2. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación.
3. Non se baremarán como méritos académicos os títulos universitarios non oficiais que conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universidades no uso da súa autonomía.
4. Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica ou o máster que habilita para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.
5. Para os efectos da baremación do subpunto 3.2, cando se alegue o título de doutor non se valorará o título de máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento nin tampouco a suficiencia investigadora nin o certificado-diploma de estudos avanzados.

*Disposición derradeira única.*

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

A Conscelleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo



**ANEXO I**

| <b>Código posto</b> | <b>Código Centro</b> | <b>Centro</b>                              | <b>Localidade</b>      | <b>Prazas</b>    | <b>Observacións:</b>                         |
|---------------------|----------------------|--|------------------------|------------------|--|
| 1501                | 15005336             | CEE Nosa Sra do Rosario (4)                | A Coruña               | 1 AL             | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos |
| 1502                | 15021721             | CEIP de Zalaeta (2)                        | A Coruña               | 1 PT             |  |
| 1503                | 15021627             | CEIP Emilia Pardo Bazán (3)                | A Coruña               | 1 PT             |  |
| 1504                | 15005701             | CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma (4)    | A Coruña               | 1 AL             | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos |
| 1505                | 15005014             | CEIP Raquel Camacho (2)                    | A Coruña               | 1 PT             |  |
| 1506                | 15025037             | CEIP Sagrada Familia (2)                   | A Coruña               | 1 PT             |  |
| 1507                | 15021792             | CEIP Salgado Torres (2) (11)               | A Coruña               | 1 PT             |  |
| 1508                | 15000363             | CEIP Ponte do Brozos (1)                   | Arteixo                | 1 PT             |  |
| 1509                | 15002165             | CEIP Wenceslao Fernandez Florez (2)        | Arteixo                | 1 PT con afin AL |  |
| 1510                | 15020982             | CEIP Plurilingüe O Ramo (2)                | Fene                   | 1 PT             |  |
| 1511                | 15024227             | CEIP Pazos (2)                             | Ferrol                 | 1 PT             |  |
| 1512                | 15021846             | CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira (2) | Ferrol                 | 1 PT con afin AL |  |
| 1513                | 15024941             | CEIP Plurilingüe A Laxe (2)                | Ferrol                 | 1 AL             |  |
| 1514                | 15026111             | CEIP de Piñeiros (2)                       | Narón                  | 1 PT             |  |
| 1515                | 15026111             | CRA de Narón (2) (4)                       | Narón                  | 1 AL             | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos |
| 1516                | 15010848             | CEIP Felipe de Castro (2) (6)              | Noia                   | 1 PT             |  |
| 1517                | 15011026             | CEIP Plurilingüe da Rabadeira (2)          | Oleiros                | 1 PT             |  |
| 1518                | 15027952             | IES Miraflores (2)                         | Oleiros                | 1 PT             |  |
| 1519                | 15026121             | IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas (3)       | Oleiros                | 1 PT             |  |
| 1520                | 15027691             | IES de Porto do Son (1)(2)(6)              | Porto do Son           | 1 PT             |  |
| 1521                | 15021731             | CEIP Plurilingüe de Frións (2)             | Ribeira                | 1 PT             |  |
| 1522                | 15014465             | CEIP Plurilingüe de Palmeira (1) (2)       | Ribeira                | 1 PT             |  |
| 1523                | 15022589             | CEIP Lamas de Abade (2) (4)                | Santiago de Compostela | 1 AL             | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos |
| 1524                | 15022589             | CEIP Lamas de Abade (2) (4)                | Santiago de Compostela | 1 PT             |  |
| 1525                | 15016012             | CEIP Cardeal Quiroga Palacios (2) (3) (4)  | Santiago de Compostela | 1 AL             | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos |
| 1526                | 15016012             | CEIP Cardeal Quiroga Palacios (2) (3) (4)  | Santiago de Compostela | 1 PT             |  |
| 1527                | 15022590             | CEIP de Roxos (6)                          | Santiago de Compostela | 1 PT             |  |



|      |          |                                     |                        |                     |  |
|------|----------|-------------------------------------|------------------------|---------------------|--|
| 1528 | 15027332 | IES Fontiñas (3) (6)                | Santiago de Compostela | 1 PT                |  |
| 1529 | 15018148 | CPI de Atios (3) (6)                | Valdoviño              | 1 PT                |  |
| 2701 | 27013934 | IES Perdouro (2)                    | Burela                 | 1 PT                |  |
| 2702 | 27013934 | IES Perdouro (2)                    | Burela                 | 1 AL                |  |
| 2703 | 27001816 | CEIP Veleiro Docampo (2) (10)       | Castro de Rei          | 1 PT con afín<br>AL |  |
| 2704 | 27001816 | CEIP Veleiro Docampo (2)            | Castro de Rei          | 1 PT                |  |
| 2705 | 27002249 | CPI Plurilingüe de Castroverde (2)  | Castroverde            | 1 PT con afín<br>AL |  |
| 2706 | 27003126 | CEIP Xoán de Requeixo (3)           | Chantada               | 1 PT con afín<br>AL |  |
| 2707 | 27014008 | CPI Tino Grandío (2)                | Guntín                 | 1 AL con afín<br>PT |  |
| 2708 | 27020562 | IES de Foz                          | Foz                    | 1 AL                |  |
| 2709 | 27020562 | IES de Foz (2)                      | Foz                    | 1 PT                |  |
| 2710 | 27005020 | CEIP Plurilingüe Lagostelle (2) (3) | Guitiriz               | 1 AL                | Requisito: coñecementos de instauración e acceso aos sistemas de comunicación alternativa (PECS) e habilidades comunicativas e sociais |
| 2711 | 27006528 | CIFP As Mercedes (9)                | Lugo                   | 1 AL                | Requisito: coñecemento Comunicador GRID 3  |
| 2712 | 27006383 | CEIP A Ponte (3)                    | Lugo                   | 1 PT con afín<br>AL |  |
| 2713 | 27006292 | CEIP As Gándaras (2)                | Lugo                   | 1 AL                |  |
| 2714 | 27006395 | CEIP Quiroga Ballesteros (2) (4)    | Lugo                   | 1 AL                | Requisito: preferentemente con coñecemento de linguaxe de signos   |
| 2715 | 27013673 | CEIP de Casás (2)                   | Lugo                   | 1 PT                |  |
| 2716 | 27014665 | CEIP Luís Pimentel (8)              | Lugo                   | 1 AL con afín<br>PT |  |
| 2717 | 27014665 | CEIP Luís Pimentel (2)              | Lugo                   | 1 AL                | Requisito: experiencia e/ou formación en sistemas aumentativos de comunicación tipo PECS   |
| 2718 | 27016467 | CEIP Menéndez Pelayo (9)            | Lugo                   | 1 AL                | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos   |
| 2719 | 27006395 | CEIP Quiroga Ballesteros (2) (4)    | Lugo                   | 1 AL                | Requisito: coñecemento de linguaxe de signos   |
| 2720 | 27006449 | CEIP Rosalía de Castro (5) (8)      | Lugo                   | 1 PT                | Requisito: preferentemente con coñecemento de Braille  |
| 2721 | 27006549 | IES Nosa Sra. Ollos Grandes (10)    | Lugo                   | 1 PT con afín<br>AL |  |
| 2722 | 27016704 | IES Leiras Pulpeiro (6)             | Lugo                   | 1 PT                |  |







|      |          |   |                     |                          |   |
|------|----------|---|---------------------|--------------------------|---|
| 2723 | 27006531 | IES Lucus Augusti (3)                                 | Lugo                | 1 PT con afin<br>AL      | Requisito: coñecemento de<br>programas informáticos |
| 2724 | 27014860 | CEIP Plurilingüe A Gándara (11)                       | Monforte de Lemos   | 1 PT                     |   |
| 2725 | 27016674 | CEP Lois Tobío (1)                                    | Viveiro             | 1 PT                     |   |
| 2726 | 27013648 | IES Vilar Ponte (6)                                   | Viveiro             | 1 PT con afin<br>AL      |   |
| 2727 | 27005691 | CEIP Plurilingüe Pedro Caselles<br>Rollán (5)         | Xove                | 1 PT                     | Requisito: coñecemento de<br>Braille                |
| 3201 | 32009165 | CEIP As Mercedes (2) (8)                              | Ourense             | 1 PT                     |   |
| 3202 | 32008392 | CEIP Inmaculada (2)                                   | Ourense             | 1 PT                     |   |
| 3203 | 32008768 | CEIP O Couto (7)                                      | Ourense             | 1 PT                     |   |
| 3204 | 32008811 | CEIP Virxe de Covadonga (2)                           | Ourense             | 1 PT                     |   |
| 3205 | 32010121 | CEIP R. Blanco Torres (9)                             | A Peroxa            | 1 PT con afin<br>AL e EP |   |
| 3206 | 32012103 | CEIP Virxe da Saleta (10) (4)                         | San Cristovo de Cea | 1 AL                     |   |
| 3207 | 32005691 | CEIP Padre Crespo (2) (8)                             | Xunqueira de Ambía  | 1 PT                     |   |
| 3601 | 36009524 | CEP Pedro Caselles Beltrán (8)                        | Tomíño              | 1 PT                     |   |
| 3602 | 36005142 | CPI Plurilingüe Santa Lucía (8)                       | Moraña              | 1 PT                     |   |
| 3603 | 36005142 | CPI Plurilingüe Santa Lucía (8)                       | Moraña              | 1 AL                     |   |
| 3604 | 36018631 | CEP Xosé Neira Vilas (8)                              | Gondomar            | 1 PT                     |   |
| 3605 | 36018631 | CEP Xosé Neira Vilas (8)                              | Gondomar            | 1 AL                     |   |
| 3606 | 36016954 | CEIP Plurilingüe Mestre Ramiro<br>Sabell Mosquera (8) | Ponteareas          | 1 PT                     |   |
| 3607 | 36014738 | CEIP de Leirado (2)                                   | Salvaterra de Miño  | 1 PT                     |   |
| 3608 | 36014738 | CEIP de Leirado (8)                                   | Salvaterra de Miño  | 1 AL                     |   |
| 3609 | 36016966 | CEP Carlos Casares (8)                                | Salvaterra de Miño  | 1 PT                     |   |
| 3610 | 36017697 | CEIP Escultor Acuña (2)                               | Vigo                | 1 PT                     |   |
| 3611 | 36010125 | CEIP de Fonte Escura (8)                              | Vigo                | 1 PT                     |   |
| 3612 | 36010125 | CEIP de Fonte Escura (8)                              | Vigo                | 1 AL                     |   |
| 3613 | 36003959 | CEIP Manuel Rodríguez Sinde (8)                       | A Guarda            | 1 PT                     |   |
| 3614 | 36024318 | CRA Raíña Aragonta (2)                                | Salceda de Caselas  | 1 PT                     |   |
| 3615 | 36005245 | CEIP Mestre Martínez Alonso (8)                       | Mos                 | 1 PT                     |   |
| 3616 | 36005245 | CEIP Mestre Martínez Alonso (8)                       | Mos                 | 1 AL                     |   |
| 3617 | 36017685 | CEIP Plurilingüe da Ribeira (2)                       | O Porriño           | 1 PT                     |   |
| 3618 | 36017201 | CEE Pontevedra (1) (3)                                | Pontevedra          | 1 PT                     |   |
| 3619 | 36017201 | CEE Pontevedra  | Pontevedra          | 1 PT                     |   |
| 3620 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (1)(2)(3)(6)                     | Pontevedra          | 1 PT                     |   |
| 3621 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (1)(2)(3)(6)                     | Pontevedra          | 1 PT                     |   |
| 3622 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (1)(2)(3)(6)                     | Pontevedra          | 1 AL                     |   |
| 3623 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (8) (1)                          | Pontevedra          | 1 EP                     |   |
| 3624 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (8) (1)                          | Pontevedra          | 1 EP                     |   |



|      |          |  |            |      |  |
|------|----------|--|------------|------|--|
| 3625 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (8) (1)           | Pontevedra | 1 FI |  |
| 3626 | 36006316 | CEIP Príncipe Felipe (8) (1)           | Pontevedra | 1 EM |  |
| 3627 | 36014817 | CEIP Plurilingüe da Igrexa-Chapela (8) | Redondela  | 1 PT |  |
| 3628 | 36009846 | CEIP Plurilingüe Nº 1 (2)              | Tui        | 1 PT |  |

- (1) Trastornos graves de conducta
- (2) Trastorno do espectro do autismo
- (3) Discapacidade motora
- (4) Discapacidade sensorial (hipoacusia)
- (5) Discapacidade sensorial visual
- (6) Discapacidade intelectual
- (7) Altas capacidades
- (8) Pluridiscapacidade
- (9) Discapacidade física asociada a dificultades graves da linguaxe
- (10) Trastornos da comunicación
- (11) Atraso psicomotor e discapacidade cognitiva

**ANEXO II**

|   |                   |
|---|-------------------|
| PROCEDEMENTO  | DOCUMENTO         |
| <b>Concurso de méritos específico entre persoal funcionario en prácticas e de carreira do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente</b> | <b>SOLICITUDE</b> |

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE |                |                  |                    |                 |            |       |
|-----------------------------|----------------|------------------|--------------------|-----------------|------------|-------|
| NOME                        |                | PRIMEIRO APELIDO |                    | SEGUNDO APELIDO |            | NIF   |
| TIPO                        | NOME DA VÍA    |                  |                    | NUM             | BLOQ       | ANDAR |
| PARROQUIA                   |                | LUGAR            |                    |                 |            |       |
| CÓDIGO POSTAL               | PAÍS           | PROVINCIA        | CONCELLO           |                 | LOCALIDADE |       |
| TELÉFONO                    | TELÉFONO MÓBIL |                  | CORREO ELECTRÓNICO |                 |            |       |
| CORPO                       | ESPECIALIDADE  |                  | DESTINO            |                 |            |       |

| PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA |              |  |                            |            |           |
|---|--------------|--|----------------------------|------------|-----------|
| Nº  | Código Posto | CENTRO<br>(deben incluírse os díxitos entre paréntese que identifican as características da praza) | ESPECIALIDADE<br>PT ou AL) | LOCALIDADE | PROVINCIA |
| 1   |              |  |                            |            |           |
| 2   |              |  |                            |            |           |
| 3   |              |  |                            |            |           |
| 4   |              |  |                            |            |           |
| 5   |              |  |                            |            |           |
| 6   |              |  |                            |            |           |
| 7   |              |  |                            |            |           |
| 8   |              |  |                            |            |           |
| 9   |              |  |                            |            |           |
| 10  |              |  |                            |            |           |

| SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE |  |    |  |    |  |
|--------------------------------|--|----|--|----|--|
|                                |  |    |  |    |  |
| Lugar e data                   |  |    |  |    |  |
|                                |  | de |  | de |  |

A persoa solicitante declara:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega son certos.
2. Que reúne os requisitos exixidos neste concurso de méritos específico e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se for necesario.

**Subdirección Xeral de Recursos Humanos**  
**Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**  
**Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**



### ANEXO III

| Méritos  | Total puntos máximo |
|--|---------------------|
| <b>1.- Antigüidade</b><br><br>Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente no corpo de mestres: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.   | 6 puntos            |
| <b>2.- Servizos</b><br><br>Servizos prestados na especialidade de Pedagogía terapéutica ou na de Audición e linguaxe:<br><br>2.1.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Pedagogía Terapéutica cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.<br><br>2.2.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Audición e linguaxe cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.  | 6 puntos            |
| <b>3.- Méritos académicos:</b><br><br>1.- Polo título de doutor: 2 puntos.<br><br>3.2.- Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos 60 créditos: 1,50 puntos.<br><br>3.3.- Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto.<br><br>3.4.- Por cada título de grao distinto do alegado para o ingreso no corpo: 0,50 puntos.<br><br>3.5.- Por cada titulación de segundo ciclo: 0,50 puntos.<br><br>3.6.- Por cada titulación de primeiro ciclo distinta da alegada para o ingreso no corpo: 0,25 puntos.   | 6 puntos            |
| <b>4.- Actividades de formación</b><br><br>4.1.- Por actividades superadas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 10 horas): ata 4 puntos.<br><br>4.2.- Por actividades impartidas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 3 horas): ata 2 puntos.<br><br>4.3.- Por actividades superadas e non baremadas no subpunto 4.1 que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo de mestres ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de | 9 puntos            |





| Méritos  | Total puntos máximo |
|--|---------------------|
| lucro que fosen homologadas polas administración precitadas, así como as organizadas polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas): ata 2 puntos.<br><br>4.4.- Por actividades de formación impartidas e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto. |                     |



**ANEXO IV**  
**Folla de autobarefacción**

| Méritos  | Puntuacións parciais | Total |
|--|----------------------|-------|
| <p><b>1.- Antigüidade</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente no corpo de mestres: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes.</p> <p><b>2.- Servizos</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>Servizos prestados na especialidade de Pedagogía terapéutica ou na de Audición e linguaxe:</p> <p>2.1.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Pedagogía Terapéutica cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes..</p> <p>2.2.-Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario docente na especialidade de Audición e linguaxe cando a praza que se solicite sexa desta especialidade: 0,50 puntos por ano e 0,0416 por cada mes..</p> <p><b>3.- Méritos académicos:</b> (máx. 6 puntos)</p> <p>1.- Polo título de doutor: 2 puntos.</p> <p>3.2.- Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos 60 créditos: 1,50 puntos.</p> <p>3.3.- Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma de estudos avanzados: 1 punto.</p> <p>3.4.- Por cada título de grao distinto do alegado para o ingreso no corpo: 0,50 puntos.</p> <p>3.5.- Por cada titulación de segundo ciclo: 0,50 puntos.</p> <p>3.6.- Por cada titulación de primeiro ciclo distinta da alegada para o ingreso no corpo: 0,25 puntos.</p> <p><b>4.- Actividades de formación</b> (máx. 9 puntos)</p> <p>4.1.- Por actividades superadas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 10 horas): ata 4 puntos.</p> <p>4.2.- Por actividades impartidas de formación específica directamente relacionadas coas necesidades educativas especiais (0,2 puntos por cada 3 horas): ata 2 puntos.</p> <p>4.3.- Por actividades superadas e non baremadas no subpunto 4.1 que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo de mestres ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como as organizadas polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas): ata 2 puntos.</p> <p>4.4.- Por actividades de formación impartidas e non baremadas no subpunto 4.2 (0,10 puntos por cada 3 horas de formación acreditadas): ata 1 punto.</p> |                      |       |

